

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI02P	<i>Expediente</i> CON/72/2014	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Demolición da Casa da Xuventude.

TIPO DE LICITACIÓN: 136.426,58 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo , 22 de xaneiro 2015, ás 10:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López

Vocales: D./Dª. María Antón Vilasánchez representante do grupo PP.

D./Dª. Ignacio Soto Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	14/01/2015	1.196	CONDE CARAMES, JOSE
2	16/01/2015	1.604	AUGASMESTAS INVERSIONS DO RURAL SL
3	16/01/2015	1.705	CYS HISPANIA SL
4	19/01/2015	1.793	CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE SAU (*)

**Proposición recibida por correo con aviso previo*

Comeza a sesión coa presenza dos representantes dos grupos municipais do PSOE e do BNG, que toman a palabra para manifestar a súa oposición á celebración desta mesa, dadas as circunstancias que rodean a este expediente.

O sr. Bernardino Rama presenta un escrito, que se incorpora como anexo á presente acta, deixando clara a súa posición e motivación.

O sr. Rubén Cela manifesta verbalmente o seguinte:

"Desde o Grupo Municipal do BNG entendemos que esta mesa de contratación se deba suspender, así como paralizar o proceso de contratación da demolición da coñecida como Casa da Xuventude, cando menos, até que se cumpran dúas cousas:

- 1. Que se clarifique a plena legalidade desta actuación, unha vez que desde unha entidade social se ten denunciado a mesma alegando, entre outros extremos, a existencia dunha suposta contradición entre a normativa urbanística e patrimonial (Plan Especial do Casco Histórico e Lei do Patrimonio Cultural de Galiza).*
- 2. Os grupos da oposición teñamos, no marco da Comisión Asesora de Casco Histórico, acceso ao proxecto de actuación posterior á demolición e o mesmo se dea a coñecer tamén á veciñanza e asociacionismo interesado, tal e como se comprometera publicamente e no marco do Consello de Relacións Veciñais o goberno municipal.*

No caso de que non se estime oportuna a nosa petición de suspender esta mesa, o Grupo Municipal do BNG non participaría na mesma".

Ante a negativa da presidenta a suspender a mesa, os srs. Cela e Rama abandonan a reunión neste intre.

Seguidamente, e continuando co normal desenvolvemento da mesa, procédese á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación relativa ós criterios de negociación dos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI02P	<i>Expediente</i> CON/72/2014	

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 2: AUGASMESTAS INVERSIÓNS DO RURAL S.L.

LICITACIÓN: Demolición da Casa da Xuventude.

TIPO DE LICITACIÓN: 136.426,58 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo , 22 de xaneiro 2015, ás 10: 46 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López
Vocales: D./Dª. María Antón Vilasánchez representante do grupo PP.
D./Dª. Ignacio Soto Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. José Rey López.

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **AUGASMESTAS INVERSIÓNS DO RURAL S.L.** indicándolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:

- **Ratificase na oferta presentada.**

Sendo as 10:48 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.



Asdo.: José Rey López
Representante da empresa AUGASMESTAS INVERSIÓNS DO RURAL S.L.

VºE PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



Documento	Expediente	
CONZI02P	CON/72/2014	

ACTA DE NEGOCIACIÓN CO LICITADOR Nº 3: CYS HISPANIA SL

LICITACIÓN: Demolición da Casa da Xuventude.

TIPO DE LICITACIÓN: 136.426,58 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo , 22 de xaneiro 2015, ás 10: 50 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López

Vocales: D./Dª. María Antón Vilasánchez representante do grupo PP.

D./Dª. Ignacio Soto Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Representante do licitador que acude ó acto de negociación: D. Antonio Ramos Reboredo

A mesa de contratación inicia a negociación co representante da empresa **CYS HISPANIA SL** indicandolle os criterios que son obxecto de negociación, tal e como se recolle no prego que rexe a licitación.

O representante da citada empresa manifesta que:


- Ratifícase na oferta presentada.

Sendo as 10:55 horas conclúe o acto de negociación e, en proba de conformidade, o representante da empresa asina a presente acta xunto co secretario e o presidente da mesa de contratación.




Asdo.: Antonio Ramos Reboredo
Representante da empresa CYS HISPANIA SL

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



AO SR. SECRETARIO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA CASA DA XUVENTUDE

1. Ante as dúbidas legais que xurdiron ao respecto do proxecto de demolición da Casa da Xuventude e despois de que o pasado mes de decembro a plataforma cidadá “Defender o Público-Salvemos a Casa da Xuventude” presentara un recurso contra este acto administrativo -recurso que a día de hoxe non nos consta aínda resolto-, e despois de presentar outra denuncia polo mesmo ante a fiscalía -da que tampouco ten información o Grupo Municipal Socialista nin coñecemento respecto a se o goberno solicitou ante ese organismo se procede ou non continuar adiante co procedemento de contratación da demolición-.
2. E á vista de que o alcalde se comprometera ante a veciñanza a presentar, antes da execución da demolición da Casa, o proxecto de acondicionamento dese ámbito e tampouco se ten feito a día de hoxe,

o Grupo Municipal Socialista decide non participar na mesa de contratación da “Demolición da Casa da Xuventude”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2015



Bernardino Rama Seoane

Concelleiro do Grupo Municipal Socialista

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI02P	<i>Expediente</i> CON/72/2014	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Demolición da Casa da Xuventude.

TIPO DE LICITACIÓN: 136.426,58 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo , 22 de xaneiro 2015, ás 10:55 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López
Vocales: D./Dª. María Antón Vilasánchez representante do grupo PP.
D./Dª. Ignacio Soto Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar os resultados dos actos individualizados de negociación levados a cabo cos distintos licitadores admitidos, **ACORDAN:**

Trasladar á concelleira delegada de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requerir ó licitador **CYS HISPANIA, S.L.**, proposición máis vantaxosa das presentadas e que oferta un importe de 98.158,94 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requerimento, acredite a súa solvencia económica e técnica, a súa capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 11:00 horas, levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI02P	<i>Expediente</i> CON/72/2014	

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Demolición da Casa da Xuventude.

TIPO DE LICITACIÓN: 136.426,58 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Negociado sen publicidade.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela Urbanismo, 9 de febreiro de 2015 ás 9:00

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María Ángeles Antón Vilasánchez

Vocales: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.
D./Dª. Ignacio Soto Director Técnico Area de Desenvolvemento Urbano e Sostible
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Analízase a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **CYS HISPANIA SL**, incidíndose especialmente na que acredita a súa solvencia económica e técnica, para o que se aporta o documento que certifica a súa clasificación empresarial.

En consecuencia, os membros da mesa de contratación, logo de analizar dito documento, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

